

REGULAMENTO TIRO TORRE DE NÚÑEZ III EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3 FUNDACIÓN BREOGÁN

1. DESENROLO CONCURSO TIRO TORRE DE NÚÑEZ

DATAS:

O concurso do **TIRO TORRE DE NÚÑEZ** disputarase durante todos os días desta III Edición da liga Senior 3x3 Fundación Breogán. Estes son os días **24 e 31 de maio, e 7 e 9 de xuño**.

PARTICIPANTES:

Só participará 1 xogador de cada un dos equipos. O xogador poderá ser distinto para cada día de competición.

SISTEMA DE COMPETICIÓN:

O **TIRO TORRE DE NÚÑEZ** sempre se disputará ao acabar todos os partidos (exceptuando o día 9, que a última actividade será a final do 3x3).

Cada día a competición será única e independente, na que se entregará un **XAMÓN de TORRE DE NÚÑEZ** ao primeiro xogador que consiga meter unha canastra desde o medio do campo.

REGRAS DE COMPETICIÓN:

1. O obxectivo da competición consiste en ser o primeiro en anotar unha tripla desde o medio do campo.
2. Sempre participarán 8 xogadores (exceptuando o último día), un de cada un dos equipos rexistrados.
3. A orde de tiro dos xogadores organizarase mediante sorteo. O sorteo será previo á competición.
4. Na primeira rolda (primeiros 8 tiros, un por cada xogador) todos os xogadores teñen dereito a lanzar. Aquí pódense dar 3 casos:
 - a. Se non anota ningún xogador nesta primeira rolda, procederase a unha segunda rolda e así de forma sucesiva ata que un xogador consiga meter unha canastra. A partir da segunda rolda, o primeiro xogador que anote canastra será o gañador do xamón.

b. Se por exemplo o xogador número 1 anota canastra no seu primeiro lanzamento, o resto de xogadores tamén realizarán o seu tiro. No caso que ningún do resto de xogadores consiga anotar, o xogador número 1 será o gañador do sorteo.

IMPORTANTE. Non se pode pisar a liña de medio campo ao lanzar. No caso de que este feito prodúzase, darase o tiro como fallado.

DIA 9 DE XUÑO

O día das finais, tamén levarase a cabo a competición do **TIRO TORRE DE NÚÑEZ**, pero nesta ocasión, non só será un XAMÓN, senón un lote de produtos de TORRE DE NÚÑEZ.

O sistema de competición será o mesmo, o único que variará será a participación de todo o público que así o desexe. Como se levará a cabo a selección?

- Durante o transcurso de 2 horas nas finais, toda a xente que queira, poderá optar a participar na rolda final do **TIRO TORRE DE NÚÑEZ**. Para iso, habilitaremos unha canastra auxiliar onde dispoñerán de 2 lanzamentos para clasificarse. Todas aquelas persoas que consigan anotar desde o medio do campo nalgún dos 2 intentos, clasificaranse directamente para a final.
- Na final, a parte dos 8 representantes de cada un dos equipos, tamén estarán as persoas do público que conseguisen anotar desde o medio do campo.
- A final disputarase co mesmo sistema de competición que os anteriores días. A única modificación será o número de participantes.